

HOMENAXE AO VOLTER, A TABERNA DO TUCHO

OURENSE, 9 DE ABRIL DE 2010

I

PALABRAS INICIAIS DO ROTEIRO EN LEMBRANZA DO TUCHO AO PÉ DO MURAL PÉTREO DE FAILDE

Boas tardes amigos e amigas.

Boas tardes artistas e xentes da cultura, especialmente as familias de Antón Faílde Gago e de Tucho Fontenla, que hoxe nos acompañan. Boas tardes membros das Fundación Carlos Casares, Vicente Risco, Centro PEN Galicia e Liceo que impulsan este acto e do Concello, Deputación e Consellería que prestaron dunha forma ou doutra a súa colaboración na organización do acto.

Empezamos este roteiro homenaxe a ese acubillo dos artistas ourensáns que foi a Taberna do Tucho, o Volter, nestoutro recuncho simbólico da cidade, beira do Barbaña, ao pé deste fermoso mural do noso gran escultor románico e popular, coas súas raíces fundidas nas xentes e na súa sensibilidade, Faílde, Antón Faílde Gago, recuperado este mural do esquecemento madrileño e trasladado por sabia decisión e acordo político á nosa cidade, hai vinte e un anos.

Empezando ao pé dunha extraordinaria obra que representa as xentes do traballo agrícola e artesán, como esta queremos reivindicar os redondos elos da tradición. El, Faílde, escultor amigo dos homes de Nós, de Risco, Cuevillas e Otero, e tamén de Ferro Couselo e de Xocas e de tantos outros, foi dalgún xeito, como ben sabe o seu discípulo Arturo Baltar, e todos os que o trataron, un vínculo de mestría, simpatía e calidade humana para traspasar duns a outros.

E aquí empezamos tamén porque esta beira do Barbaña é unha das referencias, un dos espazos literarios da cidade. E este Barbaña está tan transformado, tan irrecoñecible, se cadra, como todo o resto da cidade, agás esas nosas zonas monumentais, dese Ourense perdurable vello e inmutable, sereno e permanente onde se encontraba o Volter.

Espazos literarios. Ou sexa, espazos artísticos da palabra. Pensen, señores, que cando adoitamos falar de “Artes, Artistas ou Artistiñas” pensamos sempre en escultores e pintores. Pero eu creo, que se uns creadores mesturan imaxinación con barro, pedra, metal, cores e formas, outros creadores fan arte coa combinación inédita de palabras, ideas, pensamentos, temores, esperanzas, angustias... Proba diso é que sempre van xuntos.

¿Onde acababan as pinturas e as esculturas e onde acababan os textos daqueles poemas pintados ou colgados nas paredes do Volter, da Taberna do Tucho?

Alí, sobre aquelas vellas paredes escuras e, quero dicir con saudade, algo sucias, campaban un raro Carlos Casares poeta, un Méndez Ferrín armado de fusil, e invocacións aos bucaneiros de Antón Tovar –Que vuelvan los piratas-comprometidas de Celso Emilio, líricas de Blanco Amor, amicais de Xocas, históricas de Ferro, saudosas de Moreiras, de Luís Cabo, de Gimeno, e finalmente, de Millán Picouto –deitádeme ben fondo todo espido, e en riba, terra soio terra- e doutros que arestora non recordo. E pinturas. De Dios, de Quesada, de Virxilio, esculturas de Faílde, Acisclo, Buciños, Vidal Souto, Iñaki Basallo, Balomero Moreiras...

Ou sexa, Arte plástica, arte escrita, arte da vida ao redor dun espazo acolledor de viño, relación, esperanzas, conspiracións, copas de licor café e, no solpor, de flocos de millo e xuventude.

Arte e vida, onte e hoxe. Mellor dito antonte e onte... E este hoxe soleado que arestora nos convoca.

E podemos comezar este homenaxe pola lectura dun texto extractado dun destes artistíñas da palabra, medrado xa, e hoxe presidente da Real Academia Galega, escrito cando el, Xosé Luís Méndez Ferrín contaba a penas 19 anos. Trátase do famoso relato “O Suso”, incluído no libro “O crepúsculo e as formigas” de 1961. Pero deixémoslle a palabra aos alumnos da Escola Municipal de Teatro –graciñas en nome de todos- que nos van acompañar ao longo desta tarde.

[LECTURA DO RELATO “O SUSO”]

Ah. O Suso. A Barbaña. Pois grazas á xenerosidade duns e doutros, quérolles sinalar que o Suso existiu. Se cadra non foi exactamente así a cousa, pero algo hai. Faláballes de Faílde e os elos, enlaces ou "links" dirían os nosos fillos pola moderna, da tradición.

Esa xenerosidade de enlaces. Que os maiores de hoxe nos falen dese onte que nós non coñecemos. A liña da vida. A liña da memoria, moitas veces descuberta.

Así, hai uns meses, cando lle organizamos un libro homenaxe a ese ourensán artista da palabra e dos estudo, ese exemplo dos bos e xenerosos, triste e inxustamente enfermo, a quen me comprace traer aquí en lembranza dado que non pode vir en persoa como desexaría, o amigo Marcos Valcárcel, Méndez Ferrín nos fixo chegar un texto no que narra un encontro entrambos, Xosé Luís e Marcos, preto do Barbaña. E iso excitáballe lembranzas ante o historiador mozo e amigo de vida truncada, e así nos fai cómplices dunhas lembranzas:

“Agora me recordo que polo Porto Carreiro había muros de palla barro e coios para acoutar as terras. Á marxe esquerda da Barbaña pasábase pola pontella de pedras chás. Nun espazo da ribeira moi aberto estaba a vella pousada, cun grande corredor de madeira até o que gabeaban dous bacelos, dúas cepas centenarias. No baixo da vella pousada vivía coa súa familia, en condicións sórdidas e miserábeis, un meu amigo de correrías. Chamábase Suso e apareceu certa mañá afogado nun pozo da Barbaña, a carón dun canaval moi sonoro e móbil á mao do vento...”

Así pois, amizade, arte, palabra, Tucho, Faílde... Ourense perdurable, polo menos no recordo.

Imos iniciar este paseo, esta procesión cívica logo da Semana Santa, dirixíndonos a través da Rúa do Paseo ao Eirociño dos Cabaleiros e facendo tres estacións en tres puntos de arte dos seus discípulos, e onde oiremos parte da historia desa taberna que nos convoca cincuenta anos despois da súa fundación e trinta da súa desaparición pero viva sempre nesoutra inmaterialidade fundamental que son as lembranzas.

Imos alá.

II

PRIMEIRA PARADA: AO PÉ DA LEMBRANZA DO CHALÉ LOSADA. COMEZA A HISTORIA DO TUCHO. (Entrada das Galerías Viacambre. Relevés de M. Buciños).

Escoiten señores, ímoslles falar dunha historia de cando Ourense era outra cousa. Si, desde aquí, desde esta Rúa do Paseo que naceu ao cortaren unhas viñas alá a comezos do século XX e que foi sempre o eixo e corazón desta cidade de paseantes, ociosos de gran memoria, como todos vostedes.

Si, Ourense era outra cousa cando estaba o Tucho. Un Ourense perdurable que perdura... na nosa memoria. Lembremos cos ollos pechados e vexamos...

Alá están o Parque de San Lázaro, o Hotel Parque das tertulias e viaxantes, o Alaska da mocidade e as trasnoitas, o Bar da Sindical, o Tresá dos primeiros ligues, o bar Azul, as pandillas, os beixos adolescentes nese Parque que fora LEPROSERÍA na idade media...

Alí, na esquina, A RAMOS, a Confeitearía dos días de festa, o “punto de encontro” de décadas facendo doce ese centro e corazón da cidade. “Vémonos na esquina da Ramos” aínda dicimos algúns... Enfronte, esa última vítima tan chorada dos novos tempos, A IBENSE e o seu mantecado...

Aquí detrás, as edras frondosas do Chalé Losada con esta lembranza festiva, movida e danzarina de Manolo Buciños... ¿Que se lembra do Chalé Losada, meus señores?

¿E do TUCHO? ¿Quen se lembra do Tucho?

Pois aquí estamos de ruada en homenaxe á Taberna do Tucho, ao Volter.

Deixen que lles conte algo da súa historia...

Foi o día 1 de outubro de 1960 que Vicente Fontenla Puña e Concha abriron “A Taberna do Tucho” nun recuncho do vello Eirociño dos Cabaleiros. Hai pois exactamente cincuenta anos.

Alí atraídos pola afabilidade de Tucho e pola habilidade na cociña de Concha, empezaron a caer como moscas os novos artistas, vellos amigos da cultura e o mestre Vicente Risco. Don Vicente fora profesor de Tucho e Concha na Escola de Maxisterio e achegándose alí, onda eles, remozaba.

Porque alí non a era cousa da tertulia sería e señorita do café, do Roma, do Parque, do Cortijo... Era máis o ambiente dunha mocidade apurada, informal, de barra, de viaxes, devecente por aprender, por saber, por saír... Acisclo, Xaime Quesada, Xosé Luís de Dios son fixos... pero tamén outros como Arturo Baltar, Buciños, Virxilio, Xabier Pousa, e outros máis como Faílde, Tovar, Pepe conde Corbal, Segundo Alvarado, Ferro Couselo, López Cid, Gimeno...

Pouco a pouco vaise convertendo nunha cova de amigos e nun niño de esperanza.

Sigamos...

O martes de Entroido de 1962, xúntase alí a comer don Vicente Risco co grupo de amigos e repite: **Isto lémbreme ao Cabaret Voltaire de Zurich**. E o nome correu de boca en boca:

A Taberna do Tucho é o Volter!, a Taberna do Tucho é o Volter!, a Taberna do Tucho é o Volter!...

III

SEGUNDA PARADA: AO SON DA LEMBRANZA DE AURIA. SEGUE A HISTORIA DO TUCHO. (Entrada das Galerías Paseo. Relevés de Acisclo Manzano).

Escoiten señores, que imos continuar aquí, neste lugar de diversión. ¿Non oen os ecos da música que vén de aí ao lado, de AURIA? -¿quen se lembra daquela primeira sala de festas?- ¿Non oen as risas das cabareteiras da BILBAÍNA, xusto aí enfronte? Si, seralles historia de risa pero comeza case con morte. Falemos do Tucho.

Pois os artistas –os artistíñas, como lles chamaba Risco- decidiron naquel mes de marzo de 1963 pedirlle permiso ao Tucho para reconverter a súa Taberna e bautizala tamén como “Galería Volter” e facerlle unha homenaxe viva a Don Vicente.

E nesas, o 30 de abril, Don Vicente morre. E os artistas poñen mans á obra con intencións renovadas de homenaxe e gratitude. Sería unha Galería en homenaxe á cultura e a Risco.

Pinta Xosé Luís de Dios o mural escuro no fondo onde pon a Don Vicente vixilante nun extremo ollando desde as súas antiparras, os personaxes da súa novela La Puerta de Paja que están no centro.

Nun recuncho enfronte, as caras do Tucho, Acisclo, Quesada, De Dios, Conde Corbal. Xaime Quesada pinta tamén un amplo mural Apocalíptico de formas vaporosas de nenos, mulleres, cabalos, terras e sol dedicado a Tovar, *Viva Sempre Tovar, ¡Erguete Galicia pedra a pedra, érguete Galicia e medra!*

Enchen os entusiastas as paredes de poemas contestatarios, rabiosos, amables, as voces de Celso Emilio, de Blanco Amor, Carlos Velo, Luís Soto, de Casares, Curros Enríquez, de López Cid, de Ferro Couselo...

*Hic et nunc
 est bibendum*

Eiquí niste curruncho
 do vello eirociño
 pintámo-la cana
 bebámo-lo viño.

Bebamos, bebamos
 do bon ribeiriño
 Eiqui niste curruncho
 do vello eirociño.

E o día 28 de setembro de 1963, reunidos ao redor da invocación do vello Risco, presididos por don Ramón Otero Pedrayo, inauguran, reinaguran o local. Os rapaces, os artistiñas, están felices. Don Ramón, coa emoción logo das palabras ditas rompe a chorar. Nacía oficialmente, coa segunda inauguración do local, un mito, un punto de encontro das xentes da cultura e do progresismo da cidade ao que se achegarán artistas de fóra a deixar as súas ofrendas. Tucho e Concha son os reis daquela xente.

IV

TERCEIRA PARADA: Á LUZ DA LEMBRANZA DA LUZ. REMATA A HISTORIA DO TUCHO. (Na fin do Rúa do Paseo. Ao pé da escultura do Moucho e o Fauno de Xaime Quesada).

Señores, escoiten a terceira parte da historia da Taberna do Tucho e dos seus artistas que hoxe lles estamos a contar. Escóitena aquí, neste lugar onde se ensaiou a luz eléctrica para a inauguración da escultura do Padre Feijoo, a nosa primeira estatua cidadá, e que foi a cousa en 1887.

Escoiten señores aquí, ao pé desta escultura do Moucho e o Fauno de Xaime Quesada, que axiña aparecerán unha musas da escola de Teatro Municipal – graciñas a todos eles- e que nos conducirán en breve ao Eirociño dos Cabaleiros, para moitos aínda á Praza do Tucho.

Pero vaiamos coa historia. Diciámoslles, meus señores, que a finais de setembro de 1963 se reinagura o Tucho como Volter. Cinco anos de gloria. Concha cociñaba, Vicente servía os viños. A clientela fervía. Os artistas viaxaban e volvían. Prego, Trabazo, Antonio Quesada, Quique Ortiz, Virxilio, todos ían deixando as súas ofrendas no local.

En 1968, ano de revoltas santiaguesas e parisiñas, morre Concha e a Tucho derrúbaselle o mundo. Descubre que a soidade sempre se acompaña da tristeza e desde aquelas, sobre todo, trata de resistir.

A man na cociña de Concha, os viños de Astaríz, van deixando paso aos flocos de millo e licor café. Unha nova xeración toma o relevo no solpor do Tucho. A cidade agárrase a unha lembranza que se esvae a medida que os tempos cambian.

Algúns comezaron, cousas da vida, a rarear as súas visitas. Outros achegáronse máis. Vidal Souto pintou o teito e converteu a Tucho nun anxelote fumador e barroco, tamén Alexandro, Baldomero Moreiras, Ramón Conde, Iñaki Basallo, Vidal Souto, tamén achegaban as súas ofrendas.

E coincidindo co parto da sociedade actual, democrática, autonómica, tecnolóxica, esmorece inexorablemente o local. Algunhas voces se ergueron para combater a ruína. Non foron escoitados.

Ningún dos mozos estudantes que andaban por alí chegou a autoridade. Ningunha autoridade das novas estivera nunca no Tucho. ¿Será esa, se cadra, unha das razóns dese desinterese obsceno dos ourensáns pola conservación dese local da nosa historia viva?

Pero se deixamos morrer hai uns trinta anos, algo que coñecemos vivo, e que amamos, como o Tucho ¿quen se estraña de que deixemos caer o Claustro de San Francisco sen pestanexar? Un desinterese obsceno tinxido só de nostalxia.

Nostalxia, saudade das musas, ao pé deste fauno, deste moucho, desta creación que nos observa. Deixémoslle paso ás musas da Escola de Teatro Municipal, e logo sigámolas ata o Eirociño.

Saúde e Terra, meus amigos.

Afonso Vázquez-Monxardín Fernández

